“O 23 de xaneiro de 2018 tivo lugar a última xuntanza do Pleno da Comisión Interdepartamental da Igualdade e en dita xuntanza, entre outros asuntos, acordouse crear un grupo de traballo do que forman parte unha persoa designada por cada Consellería de Xunta de Galicia para a elaboración do I Plan de Igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia e dos seus organismos públicos.

Así, a primeira xuntanza deste grupo de traballo tivo lugar o 1 de marzo de 2018 e se segue a traballar na elaboración deste I Plan de Igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia e dos seus organismos públicos.

páxina 1 de 2



Para poder elaborar o Plan de Igualdade entre mulleres e homes na Administración Xeral da CA de Galicia é necesario coñecer a situación previa existente, facer unha diagnose.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:32:43



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2018 12:31  
Nº Rexistro: 38888  
Data envío: 17/10/2018 12:31:19.094

Data 17/10/2018 12:31

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30064** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para o impulso, en coordinación co Concello da Coruña diante do Goberno central, da transformación portuaria e urbanística da cidade, mediante a constitución dun consorcio público que lidere ese reto”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten asinado un convenio, avalado cunha inversión de 20 millóns de euros, para blindar a fachada marítima da cidade herculina e a titularidade pública destes terreos. Por outra banda, o Goberno galego tiña alcanzado un compromiso do Ministerio de Fomento con Adif para facerse cargo dos 140 millóns de euros que custa o tren ao Porto Exterior.

O acordo alcanzado entre o presidente da Xunta e o presidente de Portos do Estado é un paso importantísimo para conseguir os dous obxectivos que pretenden a cidade da Coruña e a Autoridade Portuaria: compaxinar a viabilidade económica da Autoridade Portuaria co uso público dos terreos do porto interior. O acordo demostraba o compromiso dos, daquela, responsables de Portos do Estado e da Xunta coa cidade da Coruña e co seu porto.

Este acordo que blinda a titularidade pública dos terreos portuarios ía acompañado dunha oferta para que tanto Concello como a Deputación participen.

página 1 de 2

CVE-PREPAR: 3053ad73-25b7-9cf8-7c95-3d6ccf11ba11

En todo caso, os cambios na consideración da amortización das débedas xeradas noutros portos do Estado, nomeadamente Valencia, ten mudado a situación preexistente no relativo ao financiamento das actuacións portuarias de Langosteira, polo que a Xunta xa ten manifestado que defende un trato igualitario a todas as autoridades portuarias do Estado por parte do Goberno central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:31:15



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22402** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o orzamento e cronograma que manexa a Xunta de Galicia para garantir a prestación de Asistencia Persoal e tecnolóxica a persoas con diversidade funcional e os datos relativos aos usuarios e potenciais usuarios desta prestación”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia aprobou no pasado mes de febreiro unha iniciativa para que a Xunta de Galicia continúe cos seus esforzos de cara a mellorar a prestación de asistente persoal.

A libranza de asistencia persoal está destinada a contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun asistente persoal que facilite o acceso á educación e/ou ao traballo, así como promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria ás persoas en situación dependencia. Esta libranza ten por obxecto facilitar o desenvolvemento de actividades da vida diaria, laborais e/ou educativas e propiciar a participación na vida social e económica da persoa beneficiaria. Na nosa comunidade autónoma configúrase como unha prestación profesional e o 100% da demanda está atendida”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:35:21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2018 12:34  
Nº Rexistro: 38910  
Data envío: 17/10/2018 12:34:37.318

Data 17/10/2018 12:34

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23497** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para prever e combater a violencia de xénero nas mulleres maiores de 65 anos”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera prioritaria a prevención e loita contra a violencia de xénero, así como o apoio integral ás vítimas, sexa cal sexa a súa idade.

A finais de 2017, a Secretaría Xeral de Igualdade desenvolveu en diferentes concellos de Galicia o programa Mumai ‘Atención emocional a mulleres maiores ante a violencia de xénero. Abordaxe da igualdade e da prevención da violencia de xénero entre as mulleres maiores usuarias dos centros socio-comunitarios adscritos á Xunta de Galicia’.

Ademais, cómpre destacar que a Xunta conta desde 2012 cunha ‘Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade’, na que se identifican indicadores e patróns da violencia, así como indicacións para a prevención, detección e atención a estes casos, nos que se inclúen tamén información sobre os supostos de violencia de xénero.

A maiores destas accións específicas, as vítimas maiores de 65 anos poden acceder en Galicia á rede de recursos e axudas que se pon a disposición das mulleres que sofren malos tratos: axudas periódicas, de pagamento único, a rede galega de acollemento, ou o servizo de información ás mulleres.

páxina 1 de 2



Así, segundo os datos que figuran no 'Informe anual de violencia de xénero 2017', o ano pasado beneficiáronse do programa de axudas periódicas un total de 417 mulleres, das que 18 eran maiores de 65 anos (4,32%). No que se refire ás axudas de pago único, chegaron a 66 vítimas, das que 2 eran maiores desa idade (3%). Pola súa banda, na rede galega de acollida rexistráronse como usuarias 3 mulleres maiores de 65 anos, o que representa o 2,07% do total de 145 beneficiarias deste servizo. Xa para rematar, no servizo de información a mulleres rexistráronse 531 chamadas de mulleres maiores de 65 anos, tendo en conta que hai unha alta porcentaxe nesta estatística de chamadas anónimas (72%) nas que non queda identificada a idade da persoas que chama.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:34:34



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24501** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade da Coruña”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia presentou o pasado ano 2017 o plan Como na casa, no que se planifica a construción de sete novas residencias públicas, unha en cada gran cidade galega, para atender a persoas maiores en situación de dependencia.

Deste xeito, o Goberno autonómico responde a unha das prioridades recollidas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 en relación coa necesidade de incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia.

A posta en servizo destes centros permitirá que máis de 900 persoas dependentes accedan ás novas prazas residenciais e suporá a creación de ao redor de 500 empregos.

O obxectivo de Como na casa é garantir a asistencia aos dependentes aumentando a oferta asistencial pública naqueles lugares onde se concentra a demanda de prazas, que son as grandes cidades e as súas áreas de influencia. Desta maneira, facilítase que os maiores permanezan preto dos seus fogares e dos seus, así como a conciliación da vida laboral e persoal daquelas familias que teñen ao seu coidado dependentes.

No que atinxe ás residencias proxectadas, o plan propón dotar as cidades con maior poboación, Vigo e A Coruña, de equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo contarán con centros de 120.

Todos os centros terán unidades xeriátricas e psioxeriátricas diferenciadas; é dicir, contarán con zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan deterioro ou trastornos cognitivos severos, facilitando así a súa correcta atención e mellorando a calidade asistencial.

A día de hoxe xa se formalizou convenio con Santiago de Compostela, quedando pendentes os de A Coruña, Ferrol e Ourense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:33:41



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24504** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade da Lugo”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia presentou o pasado ano 2017 o plan Como na casa, no que se planifica a construción de sete novas residencias públicas, unha en cada gran cidade galega, para atender a persoas maiores en situación de dependencia.

Deste xeito, o Goberno autonómico responde a unha das prioridades recollidas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 en relación coa necesidade de incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia.

A posta en servizo destes centros permitirá que máis de 900 persoas dependentes accedan ás novas prazas residenciais e suporá a creación de ao redor de 500 empregos.

O obxectivo de Como na casa é garantir a asistencia aos dependentes aumentando a oferta asistencial pública naqueles lugares onde se concentra a demanda de prazas, que son as grandes cidades e as súas áreas de influencia. Desta maneira, facilítase que os maiores permanezan preto dos seus fogares e dos seus, así como a conciliación da vida laboral e persoal daquelas familias que teñen ao seu coidado dependentes.

No que atinxe ás residencias proxectadas, o plan propón dotar as cidades con maior poboación, Vigo e A Coruña, de equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo contarán con centros de 120.

Todos os centros terán unidades xeriátricas e psioxeriátricas diferenciadas; é dicir, contarán con zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan deterioro ou trastornos cognitivos severos, facilitando así a súa correcta atención e mellorando a calidade asistencial.

A día de hoxe xa se formalizou convenio con Santiago de Compostela, quedando pendentes os de A Coruña, Ferrol e Ourense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:33:26





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24507** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade de Ourense”**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia presentou o pasado ano 2017 o plan Como na casa, no que se planifica a construción de sete novas residencias públicas, unha en cada gran cidade galega, para atender a persoas maiores en situación de dependencia.

Deste xeito, o Goberno autonómico responde a unha das prioridades recollidas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 en relación coa necesidade de incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia.

A posta en servizo destes centros permitirá que máis de 900 persoas dependentes accedan ás novas prazas residenciais e suporá a creación de ao redor de 500 empregos.

O obxectivo de Como na casa é garantir a asistencia aos dependentes aumentando a oferta asistencial pública naqueles lugares onde se concentra a demanda de prazas, que son as grandes cidades e as súas áreas de influencia. Desta maneira, facilítase que os maiores permanezan preto dos seus fogares e dos seus, así como a conciliación da vida laboral e persoal daquelas familias que teñen ao seu coidado dependentes.

No que atinxe ás residencias proxectadas, o plan propón dotar as cidades con maior poboación, Vigo e A Coruña, de equipamentos de 150 prazas; en tanto que Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo contarán con centros de 120.

Todos os centros terán unidades xeriátricas e psioxeriátricas diferenciadas; é dicir, contarán con zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan deterioro ou trastornos cognitivos severos, facilitando así a súa correcta atención e mellorando a calidade asistencial.

A día de hoxe xa se formalizou convenio con Santiago de Compostela, quedando pendentes os de A Coruña, Ferrol e Ourense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:33:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30523** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación dos informes recibidos polo Sergas respecto do problema detectado nos contedores que transportan o instrumental cirúrxico esterilizados nos hospitais de Vigo, así como as medidas previstas para resolver a situación”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os informes técnicos elaborados polas empresas provedoras conclúen que o proceso de oxidación acelerado do aluminio dos contedores produciuse por unha combinación de factores químicos e temperatura como a tipoloxía e concentración dos deterxentes empregados no lavado, a tipoloxía e a temperatura da auga utilizadas, o humectante/desincrustante e os aceleradores de secado, concorrentes no procedemento de esterilización. Confírmase así o primeiro diagnóstico realizado polo servizo de Medicina Preventiva.

Completada a avaliación dos contedores afectados, procedeuse á retirada provisional daqueles cun maior nivel de oxidación. O resto foron sometidos a varios ciclos consecutivos de esterilización con vapor, segundo as recomendacións dos técnicos. Ademais, téñense adquirido, con carácter urxente, 218 cubetas novas.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:30:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31731** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do Goberno galego para privatizar o servizo de Gabinete de Prensa da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada do Salnés existindo unha praza pública cuberta para a súa prestación e elixir o procedemento negociado para a súa adxudicación, así como a valoración da denuncia presentada ao respecto”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Non existe ningunha duplicidade. Trátase dunha contratación de apoio técnico para o reforzo do departamento de comunicación da Estrutura de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra, que cumpre todos os requisitos legais. A contratación deste reforzo que complementa ao servizo de prensa remóntase a 2007, durante a etapa do Goberno do bipartito, cando se realizou por un importe que duplicaba o actual.

A EOXI de Pontevedra da cobertura a 3 hospitais e 46 centros de saúde que atenden a unha poboación de referencia de preto de 300.000 habitantes.

A contratación realizouse a través de procedemento negociado por un importe de 30.000 euros, de acordo coa Lei de Contracción do Sector Público en vigor nesa data, que contemplaba ese procedemento para contías inferiores a 60.000 euros para contratos e servizos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:30:25



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2018 12:30  
Nº Rexistro: 38881

Data envío: 17/10/2018 12:30:20.077

Data 17/10/2018 12:30

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30250** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade respecto da redución do horario de atención no Centro de Atención Primaria de San Roque, en Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde San Roque de Vilagarcía de Arousa mantivo o seu horario habitual durante todo o verán”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:30:16



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2018 12:30  
Nº Rexistro: 38880

Data envío: 17/10/2018 12:30:10.014

Data 17/10/2018 12:30

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33138** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade respecto da redución do horario de atención no Centro de Atención Primaria de San Roque, en Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A reordenación temporal durante este verán da atención pediátrica básica na provincia de Ourense responde á imposibilidade de dispoñer de especialistas cos que substituír, durante as vacacións ou ausencias, aos pediatras titulares e garantir así o acceso á atención pediátrica básica do conxunto da poboación infantil da provincia.

No caso da comarca das Terras de Trives o seu servizo de referencia para a atención pediátrica é Maceda. Durante todo o ano desde Maceda desprázase un pediatra ao Centro de Saúde de Trives, para atender alí durante tres horas semanais (repartidas en dúas xornadas con hora e media de consulta) aos 186 nenos da comarca de Trives (deles 26 menores de 3 anos), que, no caso de necesidade, acoden a Maceda o resto dos días da semana, como poderán continuar facéndoo estes meses de verán nos que se centralizan alí as consultas.

páxina 1 de 2

Ademais, durante o verán aos nenos de Trives ofréceneselles tamén a posibilidade de acudir á consulta de pediatría do centro de saúde da Rúa, tendo en conta a súa proximidade dalgunhas parroquias; podendo así ir a calquera dos dous”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:30:06



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28576** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Juan José Merlo Lorenzo, sobre **“os datos referidos á transferencia de crédito TR-14-032-17 d a Consellería do Mar por importe de 400.665 euros, correspondente ao mes de decembro de 2017, co obxecto de atender ao cumprimento dunha sentenza xudicial”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que o motivo do pago de 400.000 euros deriva dunha sentenza por un expediente de reclamación patrimonial que tivo lugar no ano 2014 (RP-4/2014-Mar), presentada pola Confraría de pescadores de Noia como consecuencia dos danos e prexuízos derivados da suposta demora en detectar oficialmente a presenza de biotoxina lipofílica en augas da ría de Muros- Noia.

Cómpre lembrar que unha vez que Intecmar decretou a prohibición de extracción e peche cautelar dos bancos marisqueiros, os compradores de marisco comercializado procederon á súa devolución, e en canto ás partidas destinadas ao sector conserveiro, procedeuse á súa destrución.

Unha sentenza do TSXG obrigou á Xunta a indemnizar á Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia a cantidade de 400.665,33 €.

A Xunta, en todo momento, respectou o pronunciamento da xustiza, como non pode ser doutro xeito. Non obstante, estamos en desacordo coa sentenza porque existen unha serie de argumentos esgrimidos determinantes que non foron tidos en consideración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:31:40



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34333**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“os motivos polos que a CRTVG ordenou a incoación dun expediente disciplinario á presentadora Beatriz Moyano De Beca”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do 28.09.2018- ao darlle resposta á pregunta 34332 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:29:48



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34421**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Infraestrutura e Vivenda ao Concello de Lugo no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos convenios, subvencións ou axudas outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda ao concello que se menciona na iniciativa durante o ano 2017, cómpre indicar que na Comisión de Seguimento prevista no convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Lugo, celebrada o 12 de maio de 2017, se acordou, por unanimidade dos asistentes, a adopción do acordo polo que se prorroga, para o ano 2018, a vixencia do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Lugo, cunha achega por parte da Xunta de 117.489,90 euros para o conxunto desta área metropolitana de transporte, da que forman parte 9 concellos, entre eles, o Concello de Lugo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:29:42



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34450**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestrutura e Vivenda aos concellos de Baralla, Castroverde, Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos convenios, subvencións ou axudas outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos que se mencionan na iniciativa durante o ano 2017, infórmase o seguinte:

-Con data de 9 de maio de 2017 asinouse un convenio de colaboración co Concello de Baralla en materia de estradas por importe de 749.637,11€.

-Ao Concello do Corgo foille concedida unha subvención por importe de 46.499,12€ en virtude da convocatoria de subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal (Orde de 4 de xullo de 2017, publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de xullo de 2017).

-O Concello de Outeiro de Rei asinou, con data 17 de abril de 2017, o convenio para a súa adhesión ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:29:35



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34459**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestrutura e Vivenda aos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito e Guitiriz no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos convenios, subvencións ou axudas outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos que se mencionan na iniciativa durante o ano 2017, infórmase que o Concello de Guitiriz asinou, con data 21 de febreiro de 2017 o convenio para a súa adhesión ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:29:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2018 12:29  
Nº Rexistro: 38874

Data envío: 17/10/2018 12:29:24.497

Data 17/10/2018 12:29

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34468**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, sobre “**convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestrutura e Vivenda aos concellos de Meira, Muras, Pastoriza, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade no ano 2017**”, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Non consta ningún convenio, subvención ou axuda outorgada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos que se mencionan na iniciativa durante o ano 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:29:21



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34744**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**os convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda ao Concello de Ourense no ano 2017**”, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos convenios, subvencións ou axudas outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda ao concello que se menciona na iniciativa durante o ano 2017, infórmase o seguinte:

-Con data de 17 de abril de 2017 asinouse un convenio de colaboración co Concello de Ourense en materia de estradas por importe de 68.920,45€.

-Ao Concello de Ourense concedéronse 1.378.571,39€ en virtude dos acordos adoptados con data de 31 de outubro de 2017 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, no marco da prórroga do Plan Estatal de Fomento do Aluguer de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013-2016, no relativo ás Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas Casco Histórico de Ourense; núcleo de Seixalbo; Polvorín, Camelias e Carballeira; e barrios Serra de San Mamede, Cruceiro Quebrado e A Inmaculada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:29:14



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34819**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a incidencia que tivo, para os doentes citados no Centro de Saúde de Viveiro o 14 de agosto de 2018, a ausencia do médico substituto para a quenda da tarde, e o prazo previsto polo Goberno galego para a cobertura de xeito estable de todas as prazas do centro”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Viveiro conta con tres médicos de familia no quenda de tarde. O 14 de agosto ao atoparse dous facultativos (médicos de Familia) de permiso concedido, contratouse a un substituto para realizar dita cobertura asistencial.

De xeito sobrevido, este substituto informa ao servizo de persoal que por causa imprevista non poderá realizar dita substitución. Desde este servizo intentouse por todos os medios posibles, durante toda a tarde conseguir outro facultativo, pero foi inviable conseguir o recurso.

Mentres se trataba de dar solución a esta incidencia contactouse coa doutora presente que asumiu as urxencias e ao resto dos pacientes ofrecéuselles cambiar a cita para o día seguinte.

Esta incidencia foi comunicada ao persoal que realizaba a garda no Punto de Atención Continuada para darlle apoio ao facultativo presente nesa xornada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:29:06



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2018 12:29  
Nº Rexistro: 38871

Data envío: 17/10/2018 12:29:02.513

Data 17/10/2018 12:28

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **34826**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as intencións da Xunta de Galicia en relación coa cobertura da praza de Traballo Social no Centro de Saúde de Quiroga, a dispoñibilidade dalgún programa e protocolo para atender a problemática das persoas anciás que viven soas, así como as súas previsións respecto da atención da demanda dos profesionais de Traballo Social do Sergas referidas á súa dependencia directa das xerencias”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Con motivo do concurso de traslados no ano 2015, quedou vacante o posto de Traballadora Social no Centro de Saúde de Quiroga.

Nestes momentos a traballadora social do concello está a realizar esa actividade cubrindo as necesidades que se dan na poboación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d8c91876-e967-4cb4-d0b1-d32e67173d48



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/10/2018 12:28:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2018 12:28  
Nº Rexistro: 38870

Data envío: 17/10/2018 12:28:55.012

Data 17/10/2018 12:28

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35746**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do asinamento dun convenio entre o Sergas, a Cruz Vermella e a Fundación La Caixa para a atención psicosocial de persoas con enfermidade avanzada na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña, a existencia de máis convenios deste tipo noutras EOXI e as previsións do Goberno galego respecto do incremento do número destes profesionais no Sistema público de saúde”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

